Xornadas de portas abertas para aspirantes ao acceso a 1º curso do Grao Elemental.

Esta actividade nace coa finalidade de dar a coñecer, aos futuros aspirantes a alumnado, o funcionamento do Centro así como a organización das probas de acceso ao primeiro curso de Grao Elemental.

Nestas xornadas **non se impartirán coñecementos**; simplemente tentarase familiarizar aos aspirantes cun entorno que polas súas peculiaridades pode provocar unha situación de tensión e bloqueo que desemboque nun resultado por debaixo das súas aptitudes reais.

Como apuntarse para participar:

Cada participante terá dereito a asistir a unha quenda (de 2 sesións nunha semana: 1 hora o luns e 1 hora o xoves) e poderá entrar á actividade acompañado dun adulto. Para tal fin, deberá cumprimentar o documento de solicitude de inscrición e **entregalo presencialmente na conserxería do Centro, rematando o prazo ás 11:00 horas do venres anterior** ao comezo de cada quenda.
O venres da semana anterior ao comezo de cada quenda publicarase, na páxina web e no taboleiro do Centro, o listado do alumnado admitido. Por cuestións organizativas, non sempre se poderá atender á primeira opción elixida.

Solicitude de inscrición

Nome e apelidos do/da participante: _____
_____
Pai/Nai/Titorlegal: _____
_____
Enderezo electrónico: _____
Teléfono de contacto : _____

Quendas que escolle:
Por cuestións organizativas non sempre se poderá atender á primeira opción elixida. Prégase sinalar (cando menos) dúas alternativas por orde de preferencia.

Quendas elixidas por orde de preferencia
1ª opción Quenda nº: _____
2ª opción Quenda nº: _____
3ª opción Quenda nº: _____

Unha vez comprobada a quenda asignada, os/as participantes deben agardar no exterior do centro antes da hora de comezo da actividade, onde os recollerá o profesor/a a cargo da sesión. Á finalización da actividade este profesor/a acompañará ao mesmo lugar aos participantes que non entraron á actividade acompañados dun adulto onde os pais, nais, titores/as legais terán a obriga de estar agardando para recollelos/as.

Eu _____
como pai/nai/titor/a legal de _____
declaro coñecer as normas de funcionamento, e polo tanto, eximo e libero de calquera responsabilidade ao Conservatorio Profesional de Música de Vigo.
En , a ___de de 20

Sinatura do pai/nai/titor legal

Curso 2023-2024
Elixe a túa quenda!

Horario: Luns ás 18h e Xoves ás 19h

Xaneiro
Quenda 1: luns 15 e xoves 18
Quenda 2: luns 22 e xoves 25
Quenda 3: luns 29 e xoves 1

Febreiro
Quenda 4: luns 5 e xoves 8
Quenda 5: luns 19 e xoves 22
Quenda 6: luns 26 e xoves 29

Marzo
Quenda 7: luns 4 e xoves 7
Quenda 8: luns 18 e xoves 21

Abril
Quenda 9: luns 8 e xoves 11
Quenda 10: luns 15 e xoves 18
Quenda 11: luns 22 e xoves 25

Maio
Quenda 12: luns 6 e xoves 9
Quenda 13: luns 13 e xoves 16
Quenda 14: luns 20 e xoves 23
Quenda 15: luns 27 e xoves 30

Profesorado: Cecilia Martínez/Antonio Rodríguez

"Coñece o noso conservatorio; coñece o teu conservatorio"

Ven ás Xornadas de Portas Abertas!

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

cmus Vigo
Conservatorio Profesional de Música

Equipos de Dinamización da Lingua Galega